



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|--------------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Enfermería Xerontolóxica | Código | 750G01020 | |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias da Saúde | | | |
| Coordinación | Pichel Gutiérrez, Karina | Correo electrónico | karina.pichel.gutierrez@udc.es | |
| Profesorado | Pichel Gutiérrez, Karina | Correo electrónico | karina.pichel.gutierrez@udc.es | |
| Web | campusvirtual.udc.gal/ | | | |
| Descrición xeral | A Materia de Enfermería Xerontolóxica ten como meta que o estudante adquira coñecementos, habilidades e actitudes sobre a problemática bio-psico-social dos maiores, o que o capacitará para dar coidados integrais de fomento da saúde, prevención da enfermidade, recuperación e rehabilitación física e social, así como o coñecemento das causas e das consecuencias do envellecemento individual e poboacional. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|-------------------------------------|-----------------------------------|-------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Describir e utilizar conceptos relevantes sobre os procesos de envellecemento individual e colectivo tendo en conta a súa evolución e variabilidade dende unha perspectiva histórica, antropolóxica e social. | A49 | B1 B2 B8 | C4 C12 |
| Elexir e aplicar adecuadamente instrumentos de valoración e escalas específicas para as persoas maiores eo seu cuidador/a, demostrando capacidade e habilidade para realizar a valoración integral dos maiores utilizando referentes teóricos e evidencias científicas | A49 A50 A51 A52 | B2 B3 B8 B9 B13 | C4 C11 |
| Analizar e discutir as diferenzas entre os cambios normais asociadas ao envellecemento de aqueles que son consecuencia dos procesos patolóxicos, relacionando estes cambios ca satisfacción das necesidades básicas. | A49 A50 A51 A52 | B1 B2 B3 B8 B9 B13 | C4 C10 |
| Identificar os procesos de alteración da saúde mais prevalentes nas persoas maiores no medio comunitario e hospitalario, planificando e prestando coidados de enfermaría a través dun modelo enfermeiro e un proceso de intervención baseado na linguaxe estandarizada (NANDA, NIC, NOC) | A49 A50 A51 A52 | B1 B2 B3 B8 B9 B13 | C4 C11 |
| Describir e analizar os distintos niveis e servizos asistenciais sanitarios e sociais identificando os recursos sociais existentes na comunidade e describindo como han de usarse tendo en conta ás necesidades das persoas maiores | A49 A52 | B1 B2 B3 B9 B13 | C4 C10 C11 C12 |



| | | | |
|--|-----|-----------------|-----|
| Promover estilos de vida saudable e auto-coidado, apoiando o mantemento de comportamentos preventivos e terapéuticos que promovan a independencia, na satisfacción das necesidades básicas humanas e melloren a calidade de vida na vellez, describindo o medio ambiente axeitado para o benestar e protección dos maiores | A49 | B1 | C4 |
| | A50 | B2 | C10 |
| | A51 | B3 | C12 |
| | A52 | B8 B9 B13 | |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| Unidade Didáctica I: Conceptos e Xeneralidades relacionados ca vellez | Tema 1. Conceptos Xerais Tema 2. Proceso de Envellecemento e Teorías Tema 3. Demografía da ancianidade |
| Unidade Didáctica II: Aspectos sociais, antropolóxicos e económicos do envellecemento | Tema 4. Socioloxía da ancianidade Tema 5. Aspectos Económicos da vellez Tema 6. Entorno arquitectónico na calidade de vida das persoas maiores |
| Unidade Didáctica III: A persoa maior san. Necesidades Básicas humanas asociadas ao proceso do envellecemento. | Tema 7. Concepto de anciano/a san e anciano/a fráxil Tema 8. Valoración de Enfermería a persoa maior Tema 9. Necesidade de osixenación Tema 10. Necesidade de alimentación Tema 11. Necesidade de eliminación Tema 12. Necesidade de movemento Tema 13. Necesidade de descanso e soño Tema 14. Necesidade de manter a temperatura corporal Tema 15. Necesidade de Comunicarse e de expresión sexual. |
| Unidade Didáctica IV: A persoa maior enferma. Características das enfermidades na persoa anciá. Procesos patolóxicos mais frecuentes | Tema 16. Características das enfermidades da persoa anciá Tema 17. Terapéutica na persoa anciá Tema 18. ACV Tema 19. Parkinson Tema 20. As Demencias |
| Unidade didáctica V: A atención sociosanitaria en España | Tema 21: Recursos formais e informais no coidado da persoa anciá con problemas de saúde y/o dependencia |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A49 A50 A51 A52 A50 A51 A52 B1 C4 | 21 | 31 | 52 |
| Traballos tutelados | A50 A51 A52 A49 B1 B2 B3 B8 B1 B9 B13 C4 C10 C11 C12 C11 C12 | 16 | 41 | 57 |
| Proba mixta | A49 A50 A51 A52 B8 B9 B13 B2 B3 B8 C10 C10 | 2 | 28 | 30 |
| Análise de fontes documentais | A49 A50 A51 A52 B1 B3 B8 B9 C4 | 2 | 5 | 7 |
| Actividades iniciais | C4 | 2 | 0 | 2 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------------------|--|
| Sesión maxistral | Exposición oral, complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. |
| Traballos tutelados | Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor. |
| Proba mixta | Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. |
| Análise de fontes documentais | Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico. |
| Actividades iniciais | Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|--|
| Proba mixta Traballos tutelados Sesión maxistral | A atención personalizada relacionada cos traballos tutelados ten como finalidade orientar os/as estudantes na realización dos traballos. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben a través do correo electrónico ou da plataforma Teams. A atención personalizada relacionada coa proba mixta e a sesión maxistral ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia. Farase de forma individualizada, ben a través do correo electrónico ou da plataforma Teams. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------|--|--|---------------|
| Proba mixta | A49 A50 A51 A52 B8 B9 B13 B2 B3 B8 C10 C10 | Proba escrita con pregunta curta, tipo test e a resolución de casos prácticos para avaliar, fundamentalmente, a aprendizaxe das competencias. Sendo condición indispensable para superar a materia haber superado o examen con nota igual o superior a un 5 sobre 10. Esta proba suporá o 75% da cualificación final. | 75 |



| | | | |
|---------------------|---|--|----|
| Traballos tutelados | A50 A51 A52 A49 B1 B2 B3 B8 B1 B9 B13 C4 C10 C11 C12 C11 C12 | A realización dos traballos tutelados será obrigatoria. Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10, sendo condición indispensable para superar a materia haber superado cada un dos traballos con nota igual o superior a un 5 sobre 10. Suporá o 25% da cualificación final. Para a avaliación dos traballos seguiranse criterios de calidade sobre: presentación, estrutura, contidos, bibliografía e exposición oral, de se realizar. Entregarase unha rúbrica ao estudantado cos criterios de avaliación do traballo tutelado. | 25 |
|---------------------|---|--|----|

Observacións avaliación

Os criterios de avaliación da segunda oportunidade (xullo) serán os mesmos cos da primeira oportunidade (febreiro). As probas superadas na primeira oportunidade (febreiro) conservaranse só para a segunda oportunidade (xullo). Os/as estudantes con matrícula a tempo parcial, dispensa académica e os que soliciten adianto de oportunidade, acolleranse á modalidade de exame de proba mixta que constará de preguntas curtas e estudos de casos, e suporá o 100% da nota. Os/as estudantes que opten a matrícula de honra deberán ter unha cualificación superior a 9 na proba mixta e ter superadas o resto de metodoloxías coa nota máxima. A matrícula de honra será outorgada automaticamente aos/ás estudantes que alcancen maior cualificación, sempre que sexa igual ou superior a 9,0. No caso de que exista maior número de estudantes que matrículas de honra asignadas á materia, adxudicaranse aos/ás estudantes con mellor nota media nos traballos tutelados, no caso de coincidir as cualificacións dos traballos tutelados adxudicaranse aos/ás estudantes con mellor nota da proba mixta. Non presentado: na acta de cualificacións figurará como non presentado (NP) aquel/aquela estudante que non se presente a proba mixta final. Os/as estudantes que non presenten os traballos tutelados obterán un no presentado, aínda que realicen a proba mixta. A entrega dos traballos tutelados, farase a través da plataforma Moodle na tarefa asignada. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria na que se cometa: o/a estudante será cualificado/a con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información



| | |
|---|--|
| <p>Bibliografía básica</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Nursing. Edición española (). . - Enfermería Clínica (). . - Gerokomos (). . - American Journal of Nursing (). . - Revista Española de Geriatría y Gerontología (). . - Abizanda Soler P, Cano Gutiérrez C et al (2020). Medicina Geriátrica, una aproximación basada en problemas.2ª ed.. Madrid: Elsevier; - Abizanda Soler P, Rodríguez Mañas L. (2020). Tratado de Medicina Geriátrica. Fundamento de la atención sanitaria a los mayores.2ª ed.. Barcelona: Elsevier. - Agüera Ortiz L, MArtín Carrasco M, Sánchez Pérez M. (2021). Psiquiatría Geriátrica. 3ª ed.. Barcelona: Elsevier. - Bermejo C, Rodríguez J (2017). Manual terapéutico en Geriatria. 2ª ed. Madrid: Editorial Médica Panamericana - Butcher HK, Bulechek GM,Dochterman JM, Wagner C H: (2019). Clasificación de intervenciones de enfermería (NIC). Barcelona : Elsevier, [2019] Edición 7ª ed - Charlotte Eliopoulos (2019). Enfermería Geriátrica y Gerontológica. 9ª ed.. Barcelona: Wolters Kluwer - Cifu D X, Lew H L, Oh-Park M (2019). Rehabilitación Geriátrica. Barcelona: Elsevier - D´Hyver, Gutierrez Robledo LM. (2014). Geriatria. 3ª edición. Mexico:Editorial El Manual Moderno - García Hernández M, Medina Aragón F J, Gallo Estrada J. (2011). Atención enfermera en los grandes síndromes geriátricos. Madrid: Fuden - García Hernández M,Martínez Sellarés R. (2012). Enfermería y envejecimiento. Barcelona: Elsevier Masson - García Meilán JJ, Criado Gutierrez JM. (2017). Enfermedad de Alzheimer y otras demencias neurodegenerativas. Barcelona: Elsevier - Gómez Batiste- Alentorn X, Amblás Novellas j, Lasmarías MArtínez C, Calsina-Berna A. (2017). Manual de atención integral de personas con enfermedades crónicas avanzadas: aspectos clínicos.. Barcelona: Elsevier. - Guillén Llera F, Pérez del Molino Martín J, Petidier Torregrosa R. (2008). Síndromes y cuidados en el paciente geriátrico. 2ª ed. Barcelona: Elsevier Masson; - Luis Rodrigo MT (2013). los diagnósticos Enfermeros. Revisión crítica y guía práctica. 9ª ed.. Barcelona: Masson - Millán Calenti (2011). Gerontología y Geriatria. Valoración e intervención. Madrid:Médica Panamericana - MOORHEAD S, JOHNSON M, MAAS ML, SWANSON E (2018). Clasificación de resultados de enfermería (NOC) : medición de resultados en salud. Barcelona: Elsevier - Heather Herdman T; Kamitsuru S. (2021). Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación 2021-23. Barcelona: Elsevier España S. L - Suñer Soler R. (2014). Tratado de Enfermería Neurológica. La persona, la enfermedad y los cuidados. 3ª ed.. Barcelona: Elsevier. - Willians PA (2020). Enfermería Geriátrica. 7ª ed.. Barcelona: Elsevier M <p>Enlaces de interés: https://www.nice.org.uk/guidance/ng97 https://www.nice.org.uk/guidance/ng71/resources/parkinsons-disease-in-adults-pdf-1837629189061 https://www.nice.org.uk/guidance/ng97/resources/dementia-assessment-management-and-support-for-people-living-with-dementia-and-their-carers-pdf-1837760199109 http://www.fisterra.com/https://www.fisterra.com/guias-clinicas/paciente-confuso https://www.fisterra.com/guias-clinicas/enfermedad-parkinson https://www.fisterra.com/guias-clinicas/demencia-tipo-alzheimer/www.guiasalud.es/ https://portal.guiasalud.es/wp-content/uploads/2018/12/GPC_561_Enfermedad_Parkinson.pdf https://portal.guiasalud.es/wp-content/uploads/2018/12/GPC_484_Alzheimer_AIAQS_compl.pdf https://www.enferteca.com/</p> |
| <p>Bibliografía complementaria</p> | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Anatomía/750G01001
Psicoloxía/750G01003
Fundamentos da Enfermaría/750G01007
Nutrición/750G01009
Farmacoloxía/750G01011
Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016
Estancias Clínicas I/750G01025
Estancias Clínicas II/750G01026
Enfermaría Clínica I/750G01034
Enfermaría Clínica II/750G01035
Fisioloxía/750G01105

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría clínica III/750G01017
Enfermaría Comunitaria II/750G01019
Estadías Clínicas III/750G01027

Materias que continúan o temario

Observacións

OBXECTIVOS DE DESENEROLO SOSTIBLE: Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: "Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social" do "Plan de Acción del Programa Green Campus": A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través do campus virtual, en formato dixital sen necesidade de imprimilos, no caso de se realizar en papel: non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregarase papel reciclado e evitarase a impresión de borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade, no caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero tomaranse medidas para corrixilas. **IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN:**

Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...).

Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías